



"Na declaración da ONU que establece a data do nacemento de M. Gandhi, o 2 de outubro, como *Día internacional da non violencia* -Resolución aprobada pola Asemblea Xeral o 15 de xuño de 2007- as Nacións Unidas afirman:

*"Consciente de que a non violencia, a tolerancia, o pleno respecto de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais para todos, a democracia, o desenvolvemento, o entendemento mutuo e o respecto da diversidade están interrelacionados e refórzanse entre si,*

*Reafirmando a importancia universal do principio da non violencia e abrigando o desexo de asegurar unha cultura de paz, tolerancia, entendemento e non violencia"*

O Pleno do Concello de Ames reafirma do mesmo xeito os valores universalmente recoñecidos da paz e a non violencia, conscientes ademais de que son valores moi prezados para a sociedade amesá, galega, española e europea en xeral.

Entendemos que ningunha acción violenta, directa, estrutural ou cultural, pode estar xustificada nunha sociedade democrática. A violencia, en ningunha das súas formas, pode admitirse nun estado de dereito como método para acadar obxectivos políticos, sociais ou culturais.

Polo mesmo, a apoloxía da violencia, en calquera das súas formas, por acción ou omisión, do franquismo, do fascismo, do nazismo, do terrorismo, do belicismo, da desigualdade, do sexismo, do racismo, da xenofobia, non son aceptables nunha formación política democrática e, en consecuencia, non poden ser amparadas nin toleradas, polo que deberan ser perseguidas de oficio.

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade.

Por todo isto o pleno da corporación de Ames adopta os seguintes acordos:

1. Manifestamos o noso rexeitamento a todo tipo de violencia nas súas diferentes formas, ou apoloxía da violencia.
2. Solidarizámonos coas vítimas da violencia, con todas as vítimas e as súas familias, de calquera tipo de violencia, tanto da máis visible e manifesta como da máis silenciosa e oculta, pero que é igualmente cruel e penosa para quen a sofre.
3. Rexeitamos calquera forma de apoloxía da violencia, calquera acción ou declaración que a xustifique, ampare ou minusvalore.
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.